

INFORME MENSUAL DE ACTIVIDADES FUNDACIÓN GALICIA EUROPA (FGE)

Abril 2015

07/04 (Santiago). Sesión informativa sobre oportunidades de prácticas e saídas laborais. A Fundación Galicia Europa (FGE) participou nunhas xornadas informativas para titulados universitarios sobre posibilidades de prácticas e saídas laborais no ámbito nacional, europeo e internacional na Facultade de Ciencias Políticas da Universidade de Santiago de Compostela. Na sesión abordáronse aspectos prácticos sobre a mellor maneira de prepararse para este tipo de postos, a importancia dos idiomas e da formación complementaria, e déronse consellos para pasar os procesos de selección como a elaboración dun bo currículo. No encontro, a FGE fixo entrega de diverso material informativo e da súa “Guía de prácticas e saídas laborais”.

10/04 (Elblag, Polonia) Seminario CIVEX “A dimensión rexional da cooperación da UE cos países veciños do leste”. A comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) do Comité das Rexións (CdR) celebrou un seminario externo sobre a dimensión rexional da cooperación da UE cos países veciños do leste na cidade polaca de Elblag. A axenda do encontro centrouse no papel dos entes locais e rexionais na relación da UE con Rusia e no futuro da Asociación Oriental. O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, aproveitou este encontro para traballar nas posibilidades de cooperación coa rexión de Malopolska, parte da antiga Galitzia polaca dada a existencia de fenómenos

socioeconómicos parellos en ambas rexións, como a presenza de rutas de peregrinación relixiosa.

13/04 (Bruxelas) Audición na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo. O secretario xeral do Mar da Consellería do Medio Rural e do Mar, Juan Maneiro, viaxou a Bruxelas para asistir a unha audición na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo sobre como mellorar a selección no contexto da prohibición dos descartes. A sesión estivo dividida en dúas partes, unha primeira dedicada ó desenvolvemento de medidas técnicas para incrementar a selectividade e unha segunda, na que interveu Maneiro, dedicada á selectividade a través de medidas regulamentarias e dirixidas a obxectivos específicos.

13/04 (Bruxelas) Visita dos alumnos do máster universitario de Estudos Europeos da Universidade da Coruña. Un grupo de cinco alumnos do máster universitario de Estudos Europeos da Universidade da Coruña visitaron a oficina da FGE en Bruxelas como parte dunha viaxe á capital comunitaria e ás súas institucións para coñecer o labor da Fundación no achegamento entre Galicia e Europa. Tras a sesión informativa, na que tamén se lles informou das saídas e prácticas laborais nas distintas institucións da UE, os alumnos do máster puideron consultar as súas dúbidas sobre o traballo da FGE e sobre a defensa dos intereses galegos no ámbito comunitario.

13/04 (Bruxelas) Reunión coa directora xeral de Comunicación do Parlamento Europeo. Os directores das

oficinas autonómicas en Bruxelas reuníronse coa española Juana Lahousse, máxima responsable da comunicación do PE, quen valorou a situación actual da comunicación institucional tras a formación da nova Comisión e o novo Parlamento, destacando o seu carácter máis político e presidencialista. Gabou, ademais, a eficacia da campaña de comunicación das eleccións 2014 ao centrarse en temas de interese para os cidadáns e arriscar co lema “Ti elixes”. Para chegar aos 500 millóns de cidadáns europeos, o PE emprega como multiplicadores da súa información aos medios de comunicación locais e nacionais, aos centros de ensino e aos partidos políticos presentes no hemisferio. Entre os proxectos que actualmente están desenvolvendo atópase unha acción piloto para designar a “escolas embaixadoras” do PE co obxectivo de formar aos votantes de 2019, un itinerario para os turistas que en Bruxelas queren coñecer as institucións comunitarias e a construción do Museo de Historia Europea que abrirá as súas portas a mediados de 2016.

15/04 (Bruxelas) Reunión da rede de rexións con desafíos demográficos. A FGE asistiu a unha nova reunión de traballo desta rede que agrupa a preto de 40 rexións europeas que experimentan desafíos demográficos. Nesta ocasión un funcionario da Dirección Xeral de Emprego e Asuntos Sociais da Comisión Europea presentou o Índice de Envelhecimento Activo que están a utilizar xa nalgúns países como Alemaña e España para medir o potencial da xente maior na sociedade. Este índice mide o grao de independencia dos maiores, a súa participación no mercado laboral e na sociedade, e a súa capacidade para envelhecer de forma activa. Deste modo, serve aos gobernos para identificaren as súas necesidades e potencialidades para afrontar o envelhecimento poboacional.

16 e 17/04 Sesión plenaria do Comité das Rexións. No 111º pleno do CdR Galicia demandou máis medidas de apoio para o sector lácteo.

A comunidade galega presentou 11 emendas a un ditame sobre o futuro do sector lácteo coas que conseguiu que se incluíse un chamamento para eliminar situacións de abuso na posición negociadora dos compradores sobre os produtores. Nesta sesión plenaria sometéronse a votación outros ditames referidos ao transporte, a estratexia de ampliación da UE ou o Plan de Inversión para Europa – tamén coñecido como Plan Juncker –, entre outros.

21/04 (Bruxelas) Reunión da rede *Maritime Industries for Blue Growth*. A FGE participou nesta reunión na que se definiron as liñas de actuación desta rede que agrupa a rexións cun forte peso das industrias marítimas. Coa participación dun nutrido grupo de representantes políticos rexionais, acordouse reivindicar a nivel europeo unha estratexia industrial marítima que, ademais de apoiar o uso e implantación das enerxías sostibles, favoreza a creación de emprego sustentable e de calidade nas rexións costeiras. Solicítase, así, que exista unha maior coherencia entre a política de reindustrialización europea, que leva a actual DX GROW (Mercado Interior, Industria, Emprendemento e Pemes) da Comisión Europea, e a estratexia de Crecemento Azul desenvolvida pola DX MARE (Asuntos Marítimos e Pesca). Para isto, están en contacto coa propia Comisión Europea, o Parlamento Europeo (especialmente o intergrupo “Mar, ríos, illas e áreas costeiras”), o *European Skills Council* (que está a identificar as necesidades de formación no eido das industrias marítimas) e outros grupos de interese a nivel europeo como *Ocean Energy Europe*, *Sea Europe* e a *Wind Energy Association*.

21/04 (Bruxelas). Feira Seafood de alimentación. Un total de 29 empresas e entidades galegas participaron coa Consellería do Medio Rural e do Mar na feira de alimentación Seafood de Bruxelas. O secretario xeral do Mar, Juan Maneiro, viaxou ata a capital comunitaria para apoiar ao sector galego. Nesta feira pónense en valor os produtos de mar pertencentes ás áreas

de pesca, conxelado, ultraconxelado, transformación, acuicultura, comercialización e conserva. Esta feira é o maior evento sectorial no eido do comercio de produtos marítimo-pesqueiros. 29 entidades galegas estiveron albergadas nun posto de 447 metros cadrados que a Consellería do Medio Rural e do Mar instalou en Bruxelas.

22/4 (Bruxelas) Reunión sobre turismo sostible na CRPM. A Conferencia das Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) celebrou unha reunión sobre turismo sostible na que se discutiu a necesidade de fomentar unha política europea que facilite a viabilidade económica e medioambiental da industria turística nas rexións que configuran esta rede.

23/4 (Bruxelas) XCII Reunión da Organización Común de Mercados Agrícolas (OCM). A FGE, a petición da Consellería do Medio Rural e do Mar, asistiu á reunión da OCM sobre o sector de produtos gandeiros celebrada na Dirección Xeral de Agricultura da Comisión Europa. Entre os temas tratados estiveron a situación do mercado dos produtos lácteos, porcinos, ovinos, avícolas e bovinos, así como as últimas novidades sobre a aplicación do paquete lácteo.

23/04 (Bruxelas). Reunión coas partes interesadas do ditame de acuicultura. O director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, Jesús Gamallo, reuniuse coas partes interesadas no ditame sobre o futuro da acuicultura europea do que é relator no seo do Comité das Rexións europeo (CdR). Á reunión tamén acudiu o experto designado para a elaboración deste ditame, o secretario xeral do Mar, Juan Maneiro. As cuestións tratadas teranse en conta para a elaboración do proxecto de ditame. No debate participaron unha decena de organizacións a nivel europeo, tanto de ámbito ambiental

como de representantes de produtores. O debate articulouse en torno a seis cuestións, entre elas as posibilidades de reducir a regulamentación sen poñer en xogo a sustentabilidade medioambiental ou a percepción por parte dos consumidores dos produtos acuícolas. Gamallo e Maneiro reuníronse tamén con varios membros da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo e cun alto funcionario da Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea.

24/04 (Bruxelas) Almorzo de traballo sobre o Plan de Investimentos para Europa. A FGE participou nun encontro co responsable do “Plan Juncker” dentro do gabinete do vicepresidente da Comisión encargado da competitividade e o crecemento, Jyrki Katainen. Organizado pola Cámara de Comercio de España en Bélxica e Luxemburgo co obxectivo de informar e facilitar o contacto entre as empresas e institucións españolas presentes en Bruxelas, este acto serviu para coñecer de primeira man o funcionamento deste plan de investimentos, cuxo principal instrumento é a creación dun novo fondo no seno do Banco Europeo de Investimentos para avalar investimentos estratéxicos procedentes de fontes públicas e privadas en proxectos de calidade e que demostren un valor engadido europeo.

24/04 (Bruxelas). Reunión da Comisión CIVEX do Comité das Rexións. Na terceira reunión do ano da comisión CIVEX do Comité das Rexións atribuíuse un ditame sobre a Iniciativa Cidadá e presentouse o informe anual sobre o respecto ao principio de subsidiariedade en 2014. Malia non estar na orde do día, o encontro estivo centrado nun debate sobre a migración a raíz da última traxedia acontecida no Mediterráneo. Na reunión decidiuse levar á sesión plenaria do CdR de xuño unha resolución que demande unha nova política de migración integradora e sólida. Os representantes locais e rexionais defenderon a necesidade de



tomar as medidas necesarias para evitar máis mortes no Mediterráneo, como o reforzo das operacións Tritón e Poseidón con tarefas non só de vixilancia senón tamén de salvamento, a loita contra as mafias de tráfico de persoas e o reforzamento da cooperación cos países de orixe.

28/04 (Bruxelas) Reunión na Representación Permanente de España ante a UE (REPER) co seu novo conselleiro de Facenda. A FGE mantivo un encontro bilateral con este conselleiro da REPER co obxectivo de explicar o labor de lobby que realizou en anos anteriores de cara á definición da actual política rexional 14-20, e que permitiu a Galicia seguir percibindo un volume importante de fondos estruturais malia situarse oficialmente entre as rexións máis desenvolvidas da UE. Ambas entidades acordaron colaborar de cara aos primeiros debates sobre o desenvolvemento desta política máis aló de 2020.

30/4 (Bruxelas) Reunión de colaboradores do Intergrupo do automóbil do Comité das Rexións. A FGE acudiu á reunión técnica do Intergrupo do automóbil do Comité das Rexións, actualmente presidido por Castela e León na REPER para comentar as últimas novidades da industria automobilística así como do propio Intergrupo. Entre outros asuntos, tratouse a actualización do Plan de Acción de CARS 2020 e o seu Grupo de Alto Nivel ou as novidades relativas ao Observatorio Europeo de Electromobidade.

Outras actividades

- **Colaboración coa revista ECO** para a publicación do artigo “Europa, cos máis necesitados”.
- Actualización diaria e xestión das redes sociais da Fundación (Facebook e Twitter), con información corporativa da FGE, novas e oportunidades de traballo e prácticas para mozos na UE.
- Actualización diaria do apartado de financiación comunitaria no portal web: publicación de **14 convocatorias** para a presentación de propostas de proxectos europeos.
- Resolución de **4 consultas** sobre prácticas e saídas laborais, un proxecto de innovación relacionado con Galicia sobre a aplicación das TIC na sanidade e asesoramento sobre o programa Erasmus +.
- Redacción e publicación de **26 noticias** sobre as actividades da Fundación e sobre a Unión Europea no portal web da FGE.
- Asistencia a diferentes **reunións, seminarios e conferencias en Bruxelas** sobre o desenvolvemento de políticas europeas que afectan a Galicia:
 - 13/04 Conferencia sobre a Iniciativa Cidadá Europea. Comité Económico e Social.
 - 13/04 Reunión da Rede de Colaboración entre as oficinas Rexionais Españolas (CORE) en materia de Relacións Exteriores, Comercio e Cooperación. Delegación da Comunidade Valenciana en Bruxelas.
 - 14/04 Conferencia “Establecendo a axenda para un futuro sustentable de cara ao cumio da ONU sobre a axenda post 2015”. Comité das Rexións.
 - 15/04 Conferencia sobre o Plan de Inversións para Europa. Comité das Rexións.
 - 16 e 17/04 Seminario “O Atlántico: a nosa fonte compartida”. Comisión Europea.
 - 24/04 Conferencia “Unha estratexia dixital para a mobilidade: da capacidade á conectividade”. Comisión Europea.
 - 24/04 Reunión sobre os resultados do último Consello en materia de saúde. Delegación da Junta de Andalucía en Bruxelas.
 - 27/04 Seminario sobre especialización intelixente e transformación económica



**XUNTA
DE GALICIA**



fundación
GALICIA EUROPA

galicia

a través de clústeres. Comisión Europea.

Delegación do Goberno de Canarias en Bruxelas.

- 28/04 Reunión CORE sobre o Fondo Europeo de Axuste á Globalización.

Máis información en <http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>